

## *Problemas procesales de la impugnación de los acuerdos de los jurados de expropiación*

---

Francisco García Gómez de Mercado

---

EDITORIAL CIVITAS, S.A., 1997

“Ninguén poderá ser privado dos seus bens e dereitos senón por causa xustificada de utilidade pública ou de interese social, mediante a correspondente indemnización e de conformidade co disposto nas leis”. Así di o art. 33.3 da Constitución española de 1978.

Se consideramos que a expropiación forzosa é segundo o art. 1 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa “calquera forma de privación singular da propiedade privada ou de dereitos ou intereses patrimoniais lexítimos, calquera que fosen as persoas ou entidades a que pertenzan, acordada imperativamente, xa implique venda, permuta, censo, arrendamento, ocupación temporal ou simple cesación do seu exercicio”, o fundamental en materia de expropiación é a determinación do prezo xusto que se lle ten que aboar ó expropiado como consecuencia da expropiación practicada.

O prezo xusto do ben ou do dereito que se expropia adoita ser fixado de común acordo entre a Administración expropiante e o particular que se ve privado do dominio que ata agora viña detentando sobre o ben ou o dereito obxecto de expropiación, en caso de que non exista acordo, o prezo xusto fixarao o xurado de expropiación.

Non obstante, o acordo adoptado é susceptible de ser recorrido, directamente, ante os tribunais contencioso-administrativos, xa sexa por non ser xusta a valoración (co requisito da lesión na sexta parte), por vicio de forma ou por infracción das normas de expropiación forzosa ou doutras normas xurídicas de aplicación.

Nesta obra que o autor divide en catro partes, lévase a cabo unha análise dos problemas procesuais que formula a impugnación dos acordos adoptados polo xurado de expropiación sobre o prezo xusto no proceso contencioso-administrativo, ó tempo que nos ofrece solucións prácticas tendentes a solucionarlos.

A primeira parte está dedicada ós suxeitos do proceso, con especial mención á figura do coadxuvante.

A doutrina maioritaria mantén, ó coincidir neste punto coa xurisprudencia, que unha vez formulado o recurso contencioso-administrativo contra o acordo do xurado e integrado este na Administración do Estado, debe ser esta a demandada principal no procedemento, como Administración de que provén o acto recorrido, aínda cando a dita Administración non teña na expropiación ningún interese.

Deste xeito, a Administración do Estado é parte necesaria do proceso de impugnación do prezo xusto, ó integrarse nela o xurado e se-lo acordo deste o acto administrativo recorrido, e asemade a Administración asume así a posición procesual de demandada.

Pero, pode ser tamén parte demandante, isto é, a Administración pode demandar ante a xurisdicción contencioso-administrativa a anulación do acto, trala declaración de lesivo ós intereses públicos, de carácter económico ou doutra natureza. Proceso de lesividade, consagrado no art. 56.1 da Lei da xurisdicción contencioso-administrativa e sobre o que o autor verte importantes e constructivas críticas.

Malia que nos últimos proxectos de reforma da Lei da xurisdicción contencioso-administrativa se pretende prescindir da tradicional figura do coadxuvante no proceso de impugnación dos acordos dos xurados de expropiación sobre o prezo xusto, o autor avoga pola súa defensa, tanto na parte activa (coadxuvante do demandante) como na pasiva (coadxuvante do demandado).

Se seguimos a Guasp, o coadxuvante é a persoa que intervéñ no proceso en posición subordinada das partes principais; ligado se-

cundariamente á posición da outra parte principal e colaborando con ela de modo instrumental. Por iso, o coadxuvante accede a un proceso xa iniciado entre as partes principais, e adhírese ás pretensións da parte demandante ou demandada.

Unha posible figura de coadxuvante da Administración demandada, poderíase encontrar na Administración que sufraga en todo ou en parte o custo da expropiación, pero non figura nin actúa no expediente como Administración expropiante nin como beneficiaria. Isto é, se recorren os expropiados non será parte demandada pero, cabe entender que debería admitirse a súa presentación a título de coadxuvante da Administración expropiante ou do beneficiario, no seu caso, en mérito ó interese lexítimo que desempeña.

O verdadeiro obxecto do proceso, ó que está dedicada a segunda parte do libro, é a pretensión exercitada, da que coñece a orde contencioso-administrativa por ser unha pretensión suxeita a dereito administrativo, non o acto administrativo impugnado, que constitúe o orzamento do proceso.

Dous son os elementos do obxecto do proceso: a causa ou título de pedir (*causa petendí*), que é o conxunto de feitos e de normas xurídicas que xustifican a pretensión e, a petición concreta de xustiza que se formula (*petitum*), a que no proceso de impugnación do prezo xusto é, xeralmente, a fixación do prezo xusto que o tribunal fixa, á alza ou á baixa, respecto do que o xurado declare, ou canto menos, a retroación das actuacións ó momento de producirse o vicio produtor da nulidade do expediente.

Na terceira parte, estúdase o procedemento e a sentenza.

En canto ó procedemento cómpre destacar, que o lexislador quixo dotar este proceso de preferencia en relación co resto dos recursos contencioso-administrativos en atención ó desfacemento do prezo fixado como o xusto polo transcurso do tempo, na práctica esta preferencia non xoga, dado o enorme volume de procesos expropiatorios iniciados.

No proceso contencioso-administrativo de impugnación do prezo xusto, a xurisprudencia recoñécelles ás resolucións dos xurados de expropiación unha presunción de acerto. Esta presunción *iuris tantum* non só se funda na xenérica presunción de legalidade dos actos administrativos, senón tamén, na especial natureza do xurado, pericial e casexurisdiccional, e na competencia, preparación, pericia, especialización e capacidade técnica e xurídica dos seus membros, así como a súa independencia, imparcialidade, obxectividade e afastamento dos intereses en xogo.

Así mesmo, a sentenza que dicte o tribunal debe cumpri-lo requisito da congruencia entre as pretensións formuladas e o decidido por aquela.

En materia de prezo xusto, pódese presenta-la posible incongruencia da sentenza por omisión de pronuncia, ó non resolver sobre algunha partida indemnizadora, a incongruencia por *extra petita*, ó conceder algo non pedido e por último, a incongruencia por *ultra petitum*, cando se concede máis do pedido.

Para evitar, precisamente, que se poidan orixinar sentencias contradictorias, porque existan impugnacións cruzadas entre expropiante e expropiado, propóñense, na cuarta parte da obra, os seguintes medios:

1º. A acumulación, de maneira que se tramiten as impugnacións contradictorias nun mesmo proceso, e que dea lugar a unha soa sentenza.


2º. Proponse de *lege ferenda* a admisión da reconvencción, que constitúe unha demanda que formula o demandado contra o demandante ó aproveita-la oportunidade do proceso pendente, iniciado por este.

A xurisprudencia rexeitou, sen fisuras, a posibilidade da reconvencción na orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

3º. Rexeitamento do efecto negativo da cousa xulgada, que exclúe o pronunciamento sobre o fondo nun segundo proceso, por falta da máis perfecta identidade de suxeitos, causa de pedir e *petitum*.

Sen embargo, admítese o chamado efecto positivo da cousa xulgada, o cal consiste na vinculación positiva ou prexudicial que ó xuridicamente decidido nunha resolución firme sobre o fondo debe existir en tódolos tribunais de procesos posteriores nos que o xulgado sexa parte do obxecto deses procesos.

4º. Aplicación da extinción do obxecto do proceso e anulación do acordo do xurado. E,

5º. Recursos de casación e de amparo fundados na contradicción entre as sentencias. 

Ángeles Pérez Vega

Bolseiro da EGAP



## Normas para a presentación de orixinais

1. Os traballos serán orixinais non publicados total ou parcialmente, nin enviados a outros medios de publicación.
2. Presentaranse en follas DIN-A4 mecanografadas a dobre espacio nunha soa cara e numeradas, incluíndo, de se-lo caso, e como máximo, 15 gráficos ou táboas.
3. As ilustracións serán numeradas seguindo a súa orde de aparición no texto, co seu listado e lenda ou pé en folla á parte.
4. O título do traballo será breve (como máximo oito palabras) e poderáselle engadir un subtítulo. Non conterà abreviaturas nin notas.
5. Inclúiranse co título do artigo catro ou cinco descritores polos que se poida clasificar o artigo.
6. Baixo o título colocarase o nome do autor ou autores, incluíndose ó pé da páxina a profesión ou cargo principal co que desexan ser presentados.
7. O traballo irá precedido obrigatoriamente dun sumario ou resumo inferior a 150 palabras, sobre o contido e conclusións, sen notas ó pé. Acompañaranse á versión inglesa do sumario.
8. Os traballos completos enviaranse por triplicado.
9. A numeración dos apartados farase só con caracteres arábigos ata tres díxitos.
10. As notas a pé de páxina recolleranse ó final do manuscrito en folla á parte.
11. As referencias bibliográficas (e soamente as citadas no texto e nas no-

tas) situaranse ó final do traballo e en orde alfabética de apelidos, do seguinte xeito:

### Libros:

AUTOR (ano): Título do libro, número de edición, editorial, lugar.

### Artigos:

AUTOR (ano): Título do artigo, en título do libro ou nome da revista, volume e número, paxinación, editorial, lugar.

Nos casos de máis dun traballo do mesmo autor e ano, a este engadiráselle unha letra ordinal (1986, a; 1986, b; etc.).

As citas, nas notas de páxina, remítanse á bibliografía final indicando o autor, ano (con a, b, etc.), volume e páxinas interesadas.

12. Se se utilizan abreviaturas ou siglas (organismo, revistas, etcétera), incluírase o seu listado detrás da bibliografía.
13. Achegarase o enderezo postal e teléfono dos autores e a data de remisión do orixinal.
14. Os traballos asinados expresan a opinión dos autores e son da súa exclusiva responsabilidade, para tódolos efectos.
15. Os autores comprométese a corrixi-las probas de imprenta nun prazo de sete días, e enténdese que, noutro caso, se outorga a conformidade co texto que aparece nelas. Non se poderá modificar substancialmente o texto orixinal a través desta corrección de probas.
16. Os traballos enviaranse a:

*Revista Galega de  
Administración Pública*

EGAP

Pol. das Fontiñas, Rúa Madrid, 2-4  
15707 Santiago de Compostela.  
Galicia. España.